



# XORNADA EN PRL PARA O EMPREGO DUNHA CONDUCTA PAS E SOPORTE VITAL BÁSICO

**MODALIDADE:** PRESENCIAL

**NÚMERO DE HORAS:** 4

**LUGARES DE IMPARTICIÓN:** A Coruña e O Barco de Valdeorras (I, II).

**EDICIÓNS:** 3

**INSCRICIÓNS:**

DATOS REQUERIDOS: Nome e apelidos, n.º DNI, teléfono de contacto e nome do sector no cal traballa.

**DESTINATARIAS/OS E NÚMERO:** Persoas traballadoras, dedebido a súa dedicación ou actividade laboral traballan en centros sanitarios e sociais como poden ser hospitais, centros de atención primaria e especializada, residencias de persoas maiores, centros de persoas con discapacidade, etc. como poden ser médicos, enfermeiros, auxiliares, etc.

**DESCRICIÓN:**

Dentro da planificación da prevención de riscos laborais, así como no establecemento da política preventiva de calquera empresa, debe establecerse ou preverse a forma en que se organiza, de ser o caso, as diversas actuacións en primeiros auxilios xunto co establecemento de situacións ante emerxencias e/ou evacuacións.

Polo que se refire ós primeiros auxilios, serían aquelas accións ou técnicas que permiten unha actuación inmediata no caso dun accidente ata que chegue a correspondente asistencia médica profesional.

Neste contexto das primeiras actuacións sanitarias profesionais, todo traballador ou traballadora pode verse involucrada no seu entorno laboral nun accidente ou nunha situación relacionada co trastorno da saúde ocasionado de forma súbita e que obriga a actuar de maneira inmediata.

Así, as siglas PAS (Protexer, avisar e socorrer) son empregadas no marco dos servizos de emerxencia como un protocolo de actuación en caso dun accidente e/ou indisposición inmediata sobrevida no estado da saúde dunha persoa. É dicir, trátase de tres actuacións básicas e fundamentais que todo sanitario debe coñecer.

Dentro do procedemento PAS, cobra especial relevancia polas súas consecuencias e especialidades as situacións de parada cardíaca, como aquel incidente repentino que pode alterar de forma sobresaínte o estado de saúde dunha persoa.

Por todo o exposto, a finalidade desta xornada debe ser a de mellora das competencias profesionais do persoal na utilización do procedemento PAS xunto con aquelas técnicas de soporte vital básico e desfibrilación e outras específicas para queimaduras, convulsións, acv, entre outras.

#### **BLOQUE DE CONTIDOS.**

I. Valoración básica e primeiras actuacións ante un incidente de saúde dunha persoa. O procedemento PAS.

II. Parada cardíaca. Cadea de supervivencia.

III. Soporte vital básico. Protocolos.

IV. DESA. Protocolos, funcionamento. Resolución de problemas e casos especiais.

V. Outras actuacións específicas ante situacións de emerxencia: Queimaduras, atrancos, convulsións, dificultade respiratoria, ansiedade, accidente cerebro vascular (acv), entre outras

#### **AVALIACIÓN E CERTIFICACIÓN:**

Os asistentes que, cumprindo co requisito de asistencia a esta actividade segundo a orde que regula esta convocatoria, recibirán un diploma acreditativo da súa asistencia.

co financiamento de

